



## Plan de Empleo

O Comité Intercentros de Navantia leva un ano intentando que se negocie un plan industrial que inclúa un plan de emprego. O pasado venres de forma completamente unilateral, o presidente do goberno anuncia as necesidades de emprego para Navantia nos próximos anos, chegando a detallar até o número exacto nunha área. Por moito que pareza unha excelente noticia un aumento tan importante do persoal da empresa, CCOO Ferrol non pode valorar positivamente este anuncio. O Plan de emprego debe ser negociado coa parte social, polos seguintes motivos:

- Un anuncio electoralista lévao o vento, ese plan a catro anos ten validez até as eleccións. Necesitamos un compromiso firme por escrito coa parte social
- As necesidades de cada centro teñen que ser valoradas obxectivamente, non podemos aceptar que se contrate nas áreas que considera o goberno e non se teña en conta as necesidades produtivas da empresa. É necesario reforzar moitas áreas esenciais que a dirección leva anos abandonando
- Os procesos de ingresos teñen que ser pactados, isto é unha empresa pública, a dirección non pode contratar a discreción
- Necesitamos regular as condicións de ingreso do persoal, as prazas teñen que ter unha categoría e un salario acorde coas funcións a desempeñar

A dirección de Navantia ten que negociar un Plan Industrial completo coa parte social, que inclúa a carga de traballo que necesitan os centros e que xustificaría as necesidades de contratación.